

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 09 DE MAIO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00022262Y.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente de data 21 de abril de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00012748Z.

Licenza para a reforma de vivenda en planta Baixa sita en Rúa Sar, 14.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 18.500,00 euros e conforme o proxecto técnico, presentado o 11/03/2022, a reforma de vivenda en planta baixa sita Rúa do Sar 14, baixo de Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00012752H.

Licenza para a reforma de vivenda en planta baixo cuberta sita en Rúa Sar, 14.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 18.500,00 euros e conforme o proxecto técnico presentado na data 11/03/2022, a reforma de vivenda en planta baixacuberta sita Rúa do Sar 14, Baixocuberta de Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/526/2020.

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010 e licenza para a rehabilitación de vivenda na Calzada de Santo Antonio, 13.

Acórdase:

Primeiro: Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 14/02/2022 solicitada por A CURTIDORIA SL para a rehabilitación de vivenda situada na Calzada de Santo Antonio, 13 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitud de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro: Conceder a A CURTIDORIA SL, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e o proxecto básico presentado o 16/03/2020 e o proxecto de execución de data de visado do 10/03/2021, a rehabilitación de vivenda situada na Calzada de Santo Antonio, 13 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 61.189,52 €.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025422L.

Corrección erro no acordo da Xunta de Goberno do 25-10-2021 relativo a aprobación do expediente denominado Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías.

Acórdase proceder á subsanación do citado erro, de xeito que :

Onde di:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado **Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías;** abrir o procedemento de adxudicación baixo a modalidade **aberto**, e autorizar o gasto que se indica:

Lote I: Animación sociocultural

Orzamento estimado máximo de gasto	1.129.874,10 euros
IVE	237.273,56 euros
TOTAL	1.367.147,66 euros

Lote II: Bibliotecas

Orzamento estimado máximo de gasto	360.800,62 euros
IVE	75.768,13 euros
TOTAL	436.568,75 euros

Lote III: Atención ao público

Orzamento estimado máximo de gasto	358.011,83 euros
IVE	75.182,48 euros
TOTAL	433.194,31 euros

Lote IV: Novas tecnoloxías

Orzamento estimado máximo de gasto	300.247,88 euros
IVE	63.052,05 euros
TOTAL	363.299,94 euros

Segundo: O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria **040 33403 2279900**, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: Lote I: 398.751,40 euros/ Lote II: 127.332,56 euros/ Lote III: 126.348,34 euros/ Lote IV: 105.962,02 euros.

Anualidade 2022: Lote I: 683.573,83 euros/ Lote II: 218.284,38 euros/ Lote III: 216.597,16 euros/ Lote IV: 181.649,17 euros.

Anualidade 2023: Lote I: 284.822,43 euros/ Lote II: 90.951,82 euros/ Lote III: 90.248,82 euros/ Lote IV: 75.687,15 euros.

Debe dicir:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado **Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela. Lote I: Animación sociocultural; Lote II: Bibliotecas; Lote III: Atención ao público (reservado a Centros Especias de Emprego D.A. 4ª LCSP); Lote IV: Novas tecnoloxías;** abrir o procedemento de adxudicación baixo a modalidade **aberto**, e autorizar o gasto que se indica:

Lote I: Animación sociocultural

Orzamento estimado máximo de gasto	1.130.097,36 euros
IVE	237.320,45 euros
TOTAL	1.367.417,81 euros

Lote II: Bibliotecas

Orzamento estimado máximo de gasto	362.261,45 euros
IVE	76.074,90 euros
TOTAL	438.336,35 euros

Lote III: Atención ao público

Orzamento estimado máximo de gasto	350.485,18 euros
IVE	73.601,89 euros
TOTAL	424.087,07 euros

Lote IV: Novas tecnoloxías

Orzamento estimado máximo de gasto	285.679,15 euros
IVE	59.992,62 euros
TOTAL	345.671,77 euros

Segundo: O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria **040 33403 2279900**, de acordo co seguinte desagregamento por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: Lote I: 56.975,74 euros/ Lote II: 18.264,01 euros/ Lote III: 17.670,29 euros/ Lote IV: 14.402,99 euros.

Anualidade 2022: Lote I: 683.708,91 euros/ Lote II: 219.168,18 euros/ Lote III: 212.043,54 euros/ Lote IV: 172.835,89 euros.

Anualidade 2023: Lote I: 626.733,17 euros/ Lote II: 200.904,08 euros/ Lote III: 194.373,25 euros/ Lote IV: 158.432,89 euros.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022764Y.

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno do 29-12-2021 relativo á adxudicación do contrato de “Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte” (CON/71/2020)

Acórdase proceder á subsanación do citado erro, de xeito que

Onde di:

Adxudicar o contrato de Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte a favor de ALCOMTE GALICIA, SL, por un importe de 266.165,06 euros (IVE aparte 21%: 46.193,94 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Debe dicir:

Adxudicar o contrato de Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte a favor de ALCOMTE GALICIA, SL, por un importe total de 266.165,06 euros IVE incluído (importe neto: 219.971,12 €; IVE 21%: 46.193,94 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00029954C.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a prestación do “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

- Proceder ao reaxuste das anualidades que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de xuño de 2021, constando a conformidade do adxudicatario, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

Anualidade 2022: 171.316,76 euros.

Anualidade 2023: 256.975,14 euros.

Anualidade 2024: 85.658,38 euros.

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a prestación do “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela”, a CLECE SL, que oferta unha porcentaxe de baixa do 17,15% sobre o cadro de prezos unitarios incorporado como

anexo IV ao prego técnico de aplicación, sendo o orzamento de execución do contrato 424.752,29 euros (IVE excluído).

A unidade de Benestar Medioambiental e Servizos básicos e comunitarios será a encargada do seguimento e control ordinario do contrato, e adscribese a este cometido ao técnico municipal que corresponda por razón da materia.

- Comprometer o gasto que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 92000 2279900, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 171.316,76 euros.

Anualidade 2023: 256.975,14 euros.

Anualidade 2024: 85.658,38 euros.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043333J.

Adjudicación do contrato do “Servizo de redacción de plans de autoprotección para edificios, actividade e locais municipais do concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro.- Proceder ao reaxuste das anualidades que figuran no acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2021, que conta coa conformidade do adxudicatario, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CENTRO XESTOR	Anualidade 2022	Anualidade 2023
090 34100 2270600 CX 30. Deportes	16.095,16 euros	8.047,58 euros
040 33403 2270600 CX 26. CSC – Centros Socioculturais	20.693,78 euros	10.346,89 euros
030 92000 2270600 CX 43 Persoal	18.394,47 euros	9.197,23 euros
TOTAL	82.775,11 euros	

Segundo.- Aprobar o gasto de **82.775,11 euros** (Base Impoñible de 68.409,18 euros e IVE 21% de 14.365,93 euros), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Anualidade 2022	Anualidade 2023
090 34100 2270600	16.095,16 euros	8.047,58 euros
040 33403 2270600	20.693,78 euros	10.346,89 euros
030 92000 2270600	18.394,47 euros	9.197,23 euros

Terceiro.- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a prestación do “SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA EDIFICIO, ACTIVIDADE E LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” a PEDRO MURCIEGO DELGADO, que oferta un importe total de **72.014,41 €**(Base imponible: 59.516,04 €, IVE do 21% :12.498,37 €).

Cuarto.- Comprometer o gasto de 72.014,41, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Anualidade 2022	Anualidade 2023
090 34100 2270600	14.002,80 euros	7.001,40 euros
040 33403 2270600	18.003,61 euros	9.001,80 euros
030 92000 2270600	16.003,20 euros	8.001,60 euros

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028495X.

Devolución a BERCA BRAND SL., adxudicataria do “contrato do suministro de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministro, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe no Concello de Santiago”, do importe ingresado en concepto de fianza definitiva en metálico ao ter constituido o mesmo importe en forma de aval seguro de caución.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o dereito á devolución a BERCA BRAND SL. adxudicataria do contrato “Contratación do suministro de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministro, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe no Concello de Santiago” do seguinte importe que foi ingresado en concepto de fianza definitiva en metálico ao ter constituido o mesmo importe en forma de AVAL SEGURO DE CAUCION. Importe: 1.677,07 euros.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa BERCA BRAND SL, á Intervención Municipal e a Tesourería Municipal.

10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00022201Z. Autorización de préstamo temporal de documentos para a mostra “Bicentenario da Deputación de Ourense”.

Acórdase:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal á Deputación Provincial de Ourense do documento “Discurso do xefe político pronunciado o 26 de maio de 1822 con ocasión da instalación da Deputación Provincial”, incluído no libro de actas do Concello de Santiago de Compostela dese ano (sinatura A.M. 352,ff 266 r.-275 r.), depositado no Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

Segundo. A cesión temporal do documento suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

Unicamente se poderá destinar á súa exhibición na mostra “Bicentenario da Deputación de Ourense”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

☒ O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden, isto é, do 26 de maio ao 26 de agosto de 2022. A prórroga deste período require da previa autorización municipal.

☒ O cesionario responsabilizarase de entregar e recoller o ben, comunicándollo ao concello, e de garantir a súa adecuada conservación. Así mesmo, responderá da súa seguridade e vixilancia.

☒ O cesionario asegurará o bens cedidos durante o período de vixencia do préstamo temporal.

☒ Durante a exhibición dos documentos farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela.

☒ Autorízase a reprodución de imaxes do documento que se presta no catálogo ou nas publicacións que se elaboren con motivo da mostra. A publicación con calquera outra finalidade diferente ou non vencellada directamente á mostra “Bicentenario da Deputación de Ourense” deberá ser previamente autorizada.

Nas reproducións indícarase a titularidade do Concello de Santiago.

Terceiro. Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00019734P.

Establecemento do prezo público para a celebración da Festa dos Maiores 2022.

Apróbase o establecemento da tarifa do prezo público para a celebración da Festa dos Maiores 2022 cun prezo de **7,50 € por pesoa usuaria**.

12. MOCIDADE. Referencia: 2022/00019005S.

Aprobación da actividade do campamento de verán en Oleiros e do seu prezo público.

Acórdase:

1. A aprobación do prezo público do campamento de verán da Concellaría de Mocidade, Campamento de Surf en Oleiros a realizar no período comprendido entre o 1 e o 8 de xullo de 2022. Prezo público por participante: **120 €**

2. A aprobación dos prezos con descontos en virtude do artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- Aplicarase un desconto de 20 euros (16,66%) cando existan razón sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

A entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior nos seguintes casos: familias numerosas (a todos/as os/as irmáns/ás participantes no campamento), 2º irmán/a participante (ao segundo irmán/á).

- Aplicarase un desconto do 100 % aos participantes que proveñan de familias en risco de exclusión social, previo informe do departamento municipal de Servizos Sociais.

A previsión de ingresos derivado do pago das cotas dos participantes prevese en 3.600 €. Os pagamentos deberán realizarse antes do prazo límite do 22 de xuño.

13. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00022373W.

Designación de representante do Grupo Municipal do PP en Mercagalicia.

Acórdase:

Primeiro. Designar ao concelleiro do Grupo Municipal do PP don José Antonio Constenla Ramos como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello de Administración da sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Santiago, S.A. (Mercagalicia), en substitución de dona Ana Sabel Iglesias.

Segundo. Comunicar este acordo á sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Santiago, S.A. (Mercagalicia) para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00008926N.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración para 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL ONG) para a implementación dunha “Rede de Apoio para a realización de actividades de voluntariado dirixidas a persoas maiores e menores con necesidades de acompañamento, dependencia e formación”.

Dase conta da sinatura en data 05 de Maio de 2022 do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: **ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL ONG)** para a implementación dunha “Rede de Apoio para a realización de actividades de voluntariado dirixidas a persoas maiores e menores con necesidades de acompañamento, dependencia e formación”.

A aplicación e execución deste Acordo, incluíndo ao efecto, todos os actos xurídicos que puidesen ditarse na súa execución e desenvolvemento, non suporá, en ningún caso, obrigas económicas para o Concello de Santiago de Compostela e, en todo caso, deberán ser atendidas cos seus medios persoais e materiais.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00021301B.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PO 4242/2019 TSX.

Dase conta da sentenza nº 529/2020

Demandante: Xunta de Galicia

Obxecto: modificación Ordenanza de ruídos.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

A Lei 9/2013, logo da súa modificación pola Lei 10/2017, veu a permitir que locais de hostalería que en principio –pola súa categoría- non poden organizar actuacións en vivo, podan facelo de forma excepcional previa declaración responsable ante o concello, cunha serie de documentación xustificativa. Ademais, pasou a prever que os concellos, vía ordenanza, puidesen eximir de dita declaración cando se tratase de actuacións de “escasa entidade”.

En desenvolvemento desta última previsión legal, o Concello de Santiago modificou a súa Ordenanza de ruídos para que os novos locais (art. 44.6) e os xa operativos (DT 3ª) puidesen organizar actuacións en vivo de escasa entidade, presentando unha única declaración responsable para todas elas. É dicir, que para actuacións de escasa entidade, non eximía desa declaración, como prevé a Lei; senón que a esixía só con carácter inicial e non para cada actuación.

A Xunta, na súa demanda, sostíña que con esta modificación o Concello permitía que unha excepción puidese converterse nunha xeralidade: locais que pola súa catalogación só poderían, previa declaración responsable, realizar actuacións en vivo de forma excepcional; pasaban a poder desenvolvelas de forma ordinaria cunha única declaración. É dicir, centrou o debate na primeira modificación legislativa (a excepcionalidade), e non na segunda (a escasa entidade), que era a regulada pola modificación da ordenanza. Así, o Concello rexeitou estas conclusións: o foco non debe colocarse no carácter excepcional da actuación, senón na entidade da mesma: se son actuacións de escasa entidade, poderán realizarse previa única declaración; se non o son, o réxime segue a ser o mesmo. Pero a Xunta e, por extensión, o TSX entenderon que o Concello pretendía aplicar esta eximente a todos os locais para todas as actuacións. Cómpre engadir que nin a Lei nin a Ordenanza municipal definen o “carácter excepcional” nin a “escasa entidade”. Sen embargo, e como quedou dito nos escritos desta parte, estas dimensións si aparecían xa no borrador de novo decreto de actividades, que estaba a punto de ser aprobado pola Xunta. O TSX cuestiona que o Concello fundamente a súa posición nunha norma que aínda non se estaba aprobada.

Pola contra, o TSX ditou a súa sentenza ao abeiro dun decreto xa derogado: o novo Catálogo foi aprobado por Decreto 124/2019, do 05.09; e publicado no DOG do 14.10.2019. O seu artigo 9 define as actividades de escasa entidade ou incidencia.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación no prazo de 30 días seguintes á súa notificación, é dicir ata o 02.12.2020.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado da mesma ao Servizo de Licencias e Disciplina para o seu coñecemento

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00021168Q.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PO 624/2020 XS4.

Dase conta da sentenza nº 099/2022

Obxecto: diferenzas retributivas en complementos de antigüidade e produtividade.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en suplicación.

A demandante é persoal laboral indefinido non fixo, animadora sociocultural en CSC, con xornada parcial do 50 por 100.

Reclama que os citados conceptos retributivos non están suxeitos á regra de proporcionalidade, polo que lle correspondería percibilos no seu importe íntegro.

Pola contra, o Concello respondeu, con base en diversa xurisprudencia, que ambos conceptos son “medibles” en atención ao tempo de traballo efectivo, polo que son divisibles atendendo á proporción de xornada desenvolvida.

O Xulgado acolle plenamente os argumentos municipais, desestimando a demanda. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00022111Q.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída na apelación AP 4110/2021 do PO 131/2019 CA2.

Dase conta da sentenza nº 024/2022

Demandante: CONSTRUCCIONES OTERO POMBO S.A.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por legalización de licenza Ponte Sarela.

Contía: 8.767.418,41 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Os antecedentes do caso son os seguintes:

1. A licenza para a rehabilitación e posterior destino cultural e hoteleiro da curtidoría situada en Ponte Sarela foi denunciada por un veciño, terminando coa declaración de nulidade daquela en certos elementos construtivos. A licenza foi legalizada a través de dous procedementos, dando lugar o segundo deles ao incidente de non execución da sentenza anulatoria (derruba deses elementos), en 2017.

2. Tempo despois de declararse a nulidade, a demandante xa tiña reclamado responsabilidade patrimonial contra o Concello. Esta reclamación foi rexeitada en primeira instancia e polo TSX porque a actuación do Concello, ao conceder a licenza, moveuse dentro dos parámetros de racionalidade e razoabilidade mínimos esixidos; e porque mentres aquela sentenza non foxe executada (derruba), non existía dano a indemnizar.

Desta volta, a demandante reclamou en vía administrativa polos **danos e prexuízos causados polo Concello na súa intención de legalizar a licenza**, que lle impediron a aquela vender ou rematar o proxecto, producíndolle un estrangulamento financeiro que a levou á declaración de concurso de acredores. Na vía administrativa a reclamación non fora admitida á tramite polas excepcións formais de cousa xulgada e prescrición da acción para reclamar.

Na Sentenza, o Xulgado rexeita tal proceder administrativo: a primeira, porque non coinciden obxecto e causa nas dúas reclamacións; e a segunda, porque a acción para reclamar xorde unha vez confirmada a non executividade da sentenza que implicaba a derruba do construído. A pesares disto, o Xulgado entra a analizar os motivos de fondo sustentados pola Asesoría Xurídica.

Sobre estes, o Xulgado rexeita en primeiro lugar a alegación municipal de falta de antixuridicidade do suposto dano. Por unha banda, porque o primeiro proceso de legalización apenas “emendou” a licenza. Pola outra, porque non é esixible á demandante que impugne os acordos de legalización para logo poder reclamar por esta causa. É dicir, o xulgado non ten en conta o segundo proceso de legalización (determinante para a non prescrición da acción); e ademais contradí a súa propia

doutrina sobre a impugnación dos actos administrativos para non ter o deber xurídico de soportar o prexuízo.

En segundo lugar, o Xulgado tampouco acepta o argumento municipal da “exceptio doli”, non obstante tratándose dunha actuación que ven causada por un proxecto “ilegal” presentado polo particular, pola falta de proba.

Por contra o Xulgado, en liña co exposto pola Asesoría Xurídica nos seus escritos de contestación e conclusións, fundamenta a desestimación da reclamación na falta de acreditación da relación de causalidade (entre os procedementos de legalización e os danos polos que se reclama) a da propia realidade e valoración de ditos danos.

Así, a sentenza vai analizando cada un deles (perda de oportunidade procesual, perda do valor patrimonial da empresa e dano moral) para en síntese rexeitar todos eles ao partir tanto a reclamación como o informe pericial de premisas (a venda do complexo en 2010, nunha situación de pleno rendemento) que son meras hipóteses, non avaliadas por estudo de mercado e descoñecendo, como feito non controvertido, unha situación de crise que tería afectado esa operación. Ademais, a sentenza cuestiona que a pericial descansa noutros informes que non se aportan, en contabilidade non acreditada da empresa, e mesmo que o perito non teña examinado os contratos bancarios sobre os que descansa o maior importe reclamado (os xuros deses contratos).

Tamén critica que a demandante reclame por uns gastos (técnicos e xurídicos para a legalización da licenza), cando certamente estes procesos foron iniciados, impulsados e rematados de oficio polo Concello, sen axuda da interesada.

Por último, e con respecto á causalidade, o xulgado, en liña co exposto polo Concello, considera que a maior parte dos danos mencionados verían causados, de ser certos, non polos expedientes de legalización senón propiamente pola paralización da obra a causa da declaración de nulidade da licenza; e neste suposto as reclamacións, como quedou dito, xa foron desestimadas hai anos.

Polo que respecta ao TSX, en síntese este fai seus os argumentos da sentenza de instancia

1. Rexeita as excepcións de cousa xulgada e prescrición.
2. O feito de que a apelante non impugnase os acordos de legalización, impide que poida obter un dobre beneficio: a legalización e a indemnización.
3. As resolucións de legalización producíronse dentro das marxes do razoable e razoado, polo que de existir dano este non sería antixurídico.
4. No informe pericial aportado, a causa do dano é a paralización pola declaración de nulidade da licenza; e non os expedientes de legalización.
5. Os danos polos que se reclama son, en puridade, expectativas que, como tales, non son indemnizables; ademais de non estar acreditadas.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 04 de maio, declárase firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00022262Y.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 29 de abril ao 5 de maio de 2022.

URXENCIAS

19. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00014915L

Licenza para renovación de cubertas na Capela do Cristo de Burgos na Catedral de Santiago.

Concédesse á FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de **146.699,54 euros**, euros e conforme o Proxecto básico e de execución presentado na data 24 de

marzo de 2022, a RENOVACIÓN DE CUBERTAS DA CAPELA DO CRISTO DE BURGOS E DA SÚA SANCRISTÍA LESTE NA CATEDRAL DE SANTIAGO, DE COMPOSTELA.

20. CONTRATACIÓN. Validación omisión función interventora F/2022/425 e F/2022/857

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (169.785,96 €), segundo as facturas F/2021/425 e F/2021857 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A."

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. CONTRATACIÓN. Referencia. 2021/00026110V

Levantamento da suspensión temporal do inicio das "Obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na Rúa do Bidueiro".

Acórdase o levantamento da suspensión temporal do inicio das obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na Rúa do Bidueiro.

22. CONTRATACIÓN. Referencia. 2021/00020872T

Autorización da ampliación do prazo de execución das obras de reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa pombal. fase I. (Expt. CON/20/2021)

Autorízase a ampliación do prazo de execución das obras de *reforma do límite leste do parque da alameda (muro da rúa pombal. fase I. (Expt. CON/20/2021)* ata o 23/06/2022 ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP porque non se aprecian motivos imputables no retraso da execución das obras ao contratista, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de imposición de penalidades polos retrasos que lle puidesen ser imputables.